



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfno. 881 93 03 50
les.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

IES AS TELLEIRAS – MATERIAS PENDENTES PRESENTACIÓN DA MATERIA

Materia / Módulo	Xeografía e Historia	Páx.	1
Curso / Ciclo	Curso 2019 -20 - 1º ESO		
Profesor/a responsable	María Saavedra Ricoy		

CONTIDOS (Temporalizados por Avaliacións)

1º PARCIAL:

- **A humanidade prehistórica:** Introducción á Historia: as liñas de tempo e as fontes históricas. As orixes do ser humano. As sociedades cazadoras-colleiteiras. As primeiras sociedades agrícola-gandeiras. A metalurxia. Arte e maxia.

- **Mesopotamia e Exipto:** O marco xeográfico das primeiras civilizacións. Características xerais da civilización mesopotámica. Exipto: organización económico-social e política. O faraón. A cultura: relixión e culto aos mortos.

- **Grecia clásica:** O marco xeográfico: orixes das polis. Expansión do mundo grego: as colonizacións. A democracia ateniense. Vida cotiá. O helenismo. A relixión, a cultura e a arte.

- **A civilización romana:** Das orixes á creación dun Imperio. A romanización. O Imperio: organización económica, social e política. A vida cotiá. Cultura, arte e relixión.

2º PARCIAL:

- **O Planeta Terra e a súa representación:** O globo terráqueo. A división en hemisferios. A localización polos puntos cardinais. Paralelos e meridianos. Latitude lonxitude. Os fusos horarios. Os mapas (mapa/plano, elementos do mapa, diferentes tipos de mapas...).

- **O relevo terrestre:** A distribución dos continentes e dos océanos. As formas do relevo: montaña, chaira, illa, península... Os grandes accidentes do relevo terrestre. Os principais océanos, mares, ríos e lagos. Principais trazos do medio físico europeo: relevo e hidrografía.

- **Climas e paisaxes do Planeta Terra:** Elementos e factores do clima. Clasificación e características dos diferentes climas do planeta Terra.

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

- Ao longo do curso o alumnado da E.S.O. que promocionou de nivel tendo suspendida algunha das materias impartidas polo Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia recibirá o correspondente reforzo educativo coa finalidade de que poida aprobar a materia.

- Durante o curso os alumnos e alumnas con materias pendentes realizarán **Boletíns de Actividades** propostos polo Departamento. O docente que imparta clase a estes alumnos/as encargarse de supervisar e avaliar a realización das actividades propostas, controlando deste xeito o traballo realizado polo alumnado. Os alumnos/as poderán consultar ao profesor/a calquera tipo de dúbidas e problemas que se lles poidan presentar na elaboración das actividades. Tamén realizaranse dúas **Probas escritas**.

- **A materia dividirase en dous parciais.** Dentro de cada parcial a realización do **Boletín de Actividades** correspondente ao mesmo significará o **30%** da cualificación do parcial, mentres que a **Proba escrita** significará o **70%** restante. Pode aprobarse a materia por parciais se se dan as seguintes circunstancias:

- Aprobando ambos parciais (é dicir, obtendo un 5 como mínimo en cada un deles)
- Obtendo unha cualificación \geq 5 na media aritmética das cualificacións dos parciais.

- Aqueles alumnos/as que non aprobasen a materia, poderán realizar unha **Proba Final** no mes de **maio** e, se é necesario, unha **Proba Extraordinaria** no mes de **setembro**, na que entrarán todos os contidos. Estas probas terán unha estrutura idéntica ás probas escritas realizadas durante o curso:

- Unha primeira parte será de carácter **práctico** e consistirá na realización de exercicios e actividades semellantes ás realizadas na aula: comentario guiado dun mapa, gráfico, imaxe,... elaboración de esquemas, clasificación de afirmacións como verdadeiras ou falsas...
- Unha segunda parte será de carácter **teórico** e consistirá na definición de conceptos básicos relacionados coa materia, resposta a preguntas curtas, desenvolvemento de breves temas históricos...

- O aprobado na Proba final de maio ou, no seu caso, na de setembro, significará a superación da materia, aínda que será precisa unha coherencia mínima nas respostas e non deixar ningunha das dúas partes das que consta a proba sen responder.